

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

DECRETO 153/2023, do 28 de decembro, polo que se establecen as normas sobre os medios materiais que se utilizarán nas eleccións ao Parlamento de Galicia de 2024.

A disposición adicional primeira da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, faculta a Xunta de Galicia para que dite as disposicións precisas para o cumprimento e execución do previsto nesa lei. Con base nesta facultade, o Decreto 13/2020, do 10 de febreiro, en desenvolvemento da disposición aludida, estableceu as normas sobre urnas, cabinas, papeletas, sobres e documentación que se utilizaron nas eleccións ao Parlamento de Galicia de 2020.

Atendendo á necesaria integración dos principios previstos na Lei electoral autonómica no marco da normativa electoral xeral, e de conformidade co Real decreto 605/1999, do 16 de abril, polo que se establece a regulación complementaria dos procesos electorais, e coa Orde INT/316/2023, do 29 de marzo, pola que se modifican os anexos do devandito Real decreto 605/1999, cómpre modificar o preceptuado polo antedito Decreto 13/2020, do 10 de febreiro.

De acordo con estas directrices e coa experiencia acumulada nos sucesivos procesos electorais acaecidos na nosa comunidade autónoma, este decreto, que derroga o Decreto 13/2020, do 10 de febreiro, constituirá o marco normativo que regulará os medios materiais para utilizar no proceso electoral autonómico, o que redundará nunha maior claridade e sinxeleza da norma en beneficio das forzas políticas que concorran aos comicios autonómicos e dos propios electores.

Por todo o exposto, e en virtude da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, que faculta, na súa disposición adicional primeira, a Xunta de Galicia para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o seu cumprimento e execución, faise necesario modificar a redacción da vixente norma sobre urnas, cabinas, papeletas, sobres e demais impresos que se van utilizar nas eleccións ao Parlamento de Galicia.

En consecuencia, por proposta do vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e oito de decembro de dous mil vinte e tres,



DISPOÑO:**Artigo 1. *Locais electorais***

Os locais que se utilicen nas eleccións ao Parlamento de Galicia reunirán as condicións necesarias para o seu fin, estarán perfectamente sinalizados no referente a seccións e mesas, serán preferentemente de titularidade pública e, de entre eles, os de carácter docente, cultural ou recreativo, e deberán ser accesibles ás persoas con limitacións de mobilidade.

Os concellos deberán sinalizar convenientemente os locais correspondentes a cada sección e mesa electoral.

A Xunta de Galicia porá ao dispor dos concellos os medios económicos e materiais que lles permitan levar a cabo o acondicionamento dos locais electorais.

Artigo 2. *Urnas*

Cada mesa electoral disporá dunha urna que se axustará ás características que figuran no anexo 1 do Real decreto 605/1999, do 16 de abril, de regulación complementaria dos procesos electorais.

Agora ben, no caso de non existiren urnas en número suficiente para este proceso electoral, considerarase válida a utilización de urnas conforme o modelo vixente anteriormente.

Excepcionalmente, e cando o número de electores correspondentes a unha mesa o aconselle, porase ao dispor dos votantes unha segunda urna, coas características sinaladas no parágrafo primeiro. Previamente á súa utilización, o presidente da mesa verificará que se encontra baleira e situaraa xunto á xa utilizada, que será debidamente pechada, e a partir dese momento procederase a utilizar exclusivamente a segunda urna.

As urnas, despois de montadas e precintadas, serán entregadas, contra recibo, aos presidentes das mesas electorais a través da Xunta Electoral de Zona.

Os precintos consistirán nun peche que impida a apertura da urna sen coñecemento das persoas que integran a mesa e dos interventores. De se producir a ruptura ou deterioración do precinto, o presidente da mesa, se non pode obter oportunamente outra urna da Xunta Electoral de Zona, asegurará o peche dela con calquera elemento que teña ao seu dispor.

A Xunta de Galicia porá ao dispor dos concellos os medios económicos que lles permitan levar a cabo a montaxe, a desmontaxe e o transporte de urnas.



Artigo 3. Cabinas

No mesmo cuarto en que se desenvolva a votación e en lugar intermedio entre a entrada e a mesa electoral existirá, polo menos, unha cabina na cal o votante poderá seleccionar as papeletas electorais e introducilas nos correspondentes sobres. No seu interior, nos compartimentos destinados para o efecto ou xunto á cabina, haberá unha mesa co número suficiente de sobres e papeletas de cada candidatura.

As cabinas que se utilicen nas eleccións ao Parlamento de Galicia axustaranse ás características sinaladas no anexo 2 do Real decreto 605/1999, do 16 de abril, de regulación complementaria dos procesos electorais.

Agora ben, no caso de non existiren cabinas en número suficiente para este proceso electoral, considerarase válida a utilización de cabinas conforme o modelo vixente anteriormente.

A Xunta de Galicia porá ao dispor dos concellos os medios económicos que lles permitan levar a cabo a montaxe, a desmontaxe e o transporte de cabinas.

Artigo 4. Papeletas e sobres

As papeletas e os sobres electorais conterán as características que se sinalan no artigo 32 da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, e axustaranse ás características e condicións de impresión sinaladas nos anexos I e II deste decreto.

De acordo co disposto no punto 4 do artigo 31 da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, os delegados territoriais da Xunta de Galicia asegurarán a entrega de papeletas e sobres en número suficiente ás mesas electorais.

Artigo 5. Impresos electorais

Apróbanse os modelos de impresos que figuran nos anexos III ao IX deste decreto, que serán de utilización obrigatoria en todos os trámites e operacións nas eleccións ao Parlamento de Galicia.

Os impresos a que se fai referencia no parágrafo anterior terán carácter oficial e serán facilitados, en tempo, pola Xunta de Galicia, tanto en versión impresa como en versión dixital.

Na páxina web institucional das eleccións ao Parlamento de Galicia encontraranse os impresos, en formato dixital, que se deberán empregar no presente proceso, que poderán ser descargados polos entes interesados que concorran ao proceso electoral.



Disposición adicional primeira

Serán igualmente válidos os impresos emitidos pola Oficina do Censo Electoral con motivo das eleccións ao Parlamento de Galicia. Así mesmo, tamén serán utilizables os modelos recollidos no Real decreto 605/1999, do 16 de abril, de regulación complementaria dos procesos electorais, que teñan carácter xeral.

Disposición adicional segunda

De conformidade co disposto no artigo 19.1, letra g), da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, correspóndelle á Xunta Electoral Central a aprobación dos modelos de actas de constitución das mesas electorais, de escrutinio, de sesión, de escrutinio xeral e de proclamación de electos, polo que non se publican nos anexos VII e IX.

Disposición adicional terceira

Para o aboamento das cantidades a que fai mención este decreto e para a entrega das papeletas, sobres e demais impresos electorais deberán observarse, en todos os seus termos, as instrucións económico-administrativas que dite a Xunta de Galicia con motivo das eleccións ao Parlamento de Galicia de 2024.

Disposición derogatoria

Queda derogado o Decreto 13/2020, do 10 de febreiro, polo que se establecen normas sobre os medios materiais que se utilizarán nas eleccións ao Parlamento de Galicia de 2020, e cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste decreto.

Disposición derradeira

Este decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinte e oito de decembro de dous mil vinte e tres

Alfonso Rueda Valenzuela
Presidente

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes

CVE-DOG: lou7qk93-27i0-p106-r7h8-duoj9ib2xca0



ELECCIÓNS AO PARLAMENTO DE GALICIA DE 2024
Relación de impresos con expresión da súa referencia**ANEXO I**
Papeletas de votación

EPG 1.1. Papeletas de votación ao Parlamento de Galicia.

EPG 1.2. Papeletas de votación ao Parlamento de Galicia descargables (voto CERA).

ANEXO II
Sobres de votación

EPG 2. Sobres para papeletas de votación ao Parlamento de Galicia.

ANEXO III
Constitución de coalicións electorais e presentación de candidaturas

EPG 3.1. Comunicación da constitución da coalición electoral (versión dixital).

EPG 3.2. Comunicación por unha xunta electoral á Xunta Electoral de Galicia (versión dixital).

EPG 3.3. Presentación de candidaturas ao Parlamento de Galicia (versión dixital).

EPG 3.4. Presentación de candidaturas ao Parlamento de Galicia por agrupación de electores (folla de sinaturas) (versión dixital).

ANEXO IV
Documentación para o voto por correo

EPG 4.1.a Solicitud de certificado para o voto por correo. Exemplar para a DPOCE (impreso múltiple).

EPG 4.1.b Exemplar para a persoa interesada. Copia.

EPG 4.2 Sobre para envío á DPOCE da solicitude do certificado de inscrición no censo electoral.

EPG 4.3 Sobre para remisión da documentación do voto por correo.

EPG 4.4 Sobre dirixido ao/á presidente/a da mesa.



EPG 4.5.a. Sobre, con ventá para enderezo, para a remisión por parte da OCE da documentación electoral aos residentes no estranxeiro (correo certificado).

EPG 4.5.b. Sobre para a remisión por parte da OCE das papeletas aos residentes no estranxeiro (correo ordinario).

EPG 4.6.a. Sobre para a remisión do voto polos electores residentes no estranxeiro (con franqueo).

EPG 4.6.b. Sobre para a remisión do voto polos electores residentes no estranxeiro (sen franqueo).

EPG 4.7.a. Solicitud de certificado para o voto por correo de electores temporalmente no estranxeiro. Exemplar para a DPOCE (impreso múltiple).

EPG 4.7.b. Exemplar para o/a interesado/a. Copia.

EPG 4.8. Sobre dirixido ao/á presidente/a da mesa electoral para o voto por correo dos electores temporalmente no estranxeiro (con franqueo).

EPG 4.9. Sobre dirixido ao/á presidente/a da Xunta Electoral para o voto por correo desde España dos inscritos no Censo electoral de residentes ausentes no estranxeiro (CERA).

EPG 4.10. Sobre para a remisión do voto CERA á Xunta Electoral Provincial.

ANEXO V

Nomeamento das persoas que integran as mesas electorais

EPG 5.1. Lista de electores capacitados para presidentes e suplentes (versión dixital).

EPG 5.2. Lista de electores capacitados para vogais e suplentes (versión dixital).

EPG 5.3. Comunicación dos concellos á xunta electoral de zona correspondente, da formación de mesas electorais (versión dixital).

EPG 5.4.a. Nomeamento das persoas que integran a mesa (impreso múltiple de catro follas).

EPG 5.4.b. Xustificante de recepción do nomeamento polo/a interesado/a.

EPG 5.4.c. Comunicación de datos de identificación ao/á xuíz/a.



EPG 5.4.d. Comunicación datos identificación (copia).

EPG 5.5. Sobre para a remisión da notificación ás persoas que integran as mesas electorais.

EPG 5.6. Comunicación aos xuíces de primeira instancia ou de paz da composición das mesas electorais (versión dixital).

EPG 5.7. Citación definitiva ás persoas que integran as mesas electorais.

ANEXO VI

Nomeamento de interventores e apoderados

Interventores:

EPG 6.1.a. Matriz de nomeamento de interventores (versión dixital).

EPG 6.1.b. Credencial do nomeamento de interventores (versión dixital).

EPG 6.1.c. Comunicación ao/á presidente/a da mesa electoral de votación da cal forma parte (versión dixital).

EPG 6.1.d. Comunicación ao/á presidente/a da mesa electoral de votación da lista electoral na cal figura inscrito/a (versión dixital).

EPG 6.2. Sobre que se dirixirá ao/á presidente/a da mesa para a remisión da copia da credencial do nomeamento de interventores.

Apoderados:

EPG 6.3.a. Matriz de nomeamento de apoderados (versión dixital).

EPG 6.3.b. Credencial do nomeamento de apoderados (versión dixital).

ANEXO VII

Documentación para a actuación das mesas electorais

EPG 7.1. Acta de constitución da mesa electoral.

EPG 7.2. Acta de escrutinio da mesa electoral.

EPG 7.3. Acta de sesión da mesa electoral.



EPG 7.4.a. Lista numerada de votantes (primeira folla cuberta).

EPG 7.4.b. Lista numerada de votantes (segunda folla e seguintes).

EPG 7.5. Sobre número 1: documentación para entregar no xulgado de primeira instancia ou de paz.

EPG 7.6. Sobre número 2: documentación para entregar no xulgado de primeira instancia ou de paz.

EPG 7.7. Sobre número 3: documentación para entregar ao/á funcionario/a do servizo de Correos.

EPG 7.8. Recibo do/da xuíz/a de primeira instancia ou de paz, xustificativo da entrega dos sobres números 1 e 2 (versión dixital).

EPG 7.9. Recibo do/da funcionario/a de Correos, xustificativo da entrega do sobre número 3 (versión dixital).

EPG 7.10. Certificado de votación (blocs de 100 follas).

ANEXO VIII

Nomeamento de representantes da Administración

Nomeamento do/da representante da Administración (impreso múltiple de dúas follas):

EPG 8.1.a. Credencial do nomeamento de representante da Administración (versión dixital).

EPG 8.1.b. Copia (versión dixital).

ANEXO IX

Actas

EPG 9.1. Acta de constitución da Xunta para o escrutinio xeral (versión dixital).

EPG 9.2. Acta de escrutinio (versión dixital).

EPG 9.3. Acta da/s sesión/s do escrutinio (versión dixital).

EPG 9.4. Acta de constitución da mesa electoral para o escrutinio de votación dos residentes ausentes no estranxeiro (versión dixital).



EPG 9.5. Acta de escrutinio para a votación dos residentes ausentes no estranxeiro (versión dixital).

EPG 9.6. Acta para o/a funcionario/a consular (versión dixital)

EPG 9.6.a. Anexo á acta consular (versión dixital)

EPG 9.7. Acta de proclamación (versión dixital).

ANEXO X
Credencial de cargos electos

EPG 10. Credencial de deputado/a do Parlamento de Galicia.

ELECCIÓNS AO PARLAMENTO DE GALICIA DE 2024
Relación de impresos con expresión da súa referencia e características

ANEXO I
Papeletas de votación

EPG 1.1. Papeletas de votación ao Parlamento de Galicia.

Características:

Cor e tonalidade: cor branca en calquera tonalidade.

Medidas aproximadas: 102×270 mm.

Gramaxe aproximada: 70 g/m².

Impresión e tinta: impresión en calquera tipo de letra, en tinta negra, por unha soa cara. Os tipos de letra serán idénticos para cada candidato/a e para todas as candidaturas.

Logotipo de 20 mm máximo por cada lado.

Texto bilingüe: galego en recta, castelán en cursiva e ambos os dous no mesmo corpo de letra.

EPG 1.2. Papeletas de votación ao Parlamento de Galicia descargables (voto CERA).



Para o voto das persoas que viven no estranxeiro e están inscritas no CERA, ademais dos tamaños indicados expresamente, serán válidas tamén as papeletas obtidas desde a páxina web oficial da convocatoria, impresas nunha folla de cor branca, en calquera tonalidade, en tamaño DIN-A4, ou calquera outro análogo.

ANEXO II

Sobres de votación

EPG 2. Sobres para papeletas de votación ao Parlamento de Galicia.

Características:

Cor e tonalidade: cor branca en calquera tonalidade, con opacidade superior ao 85%.

Medidas aproximadas: UNE C-6 114×162 mm; deberá ter fondo interior azul en calquera tonalidade e o engomado estará na punta do peche da lapela.

Gramaxe aproximada: 70 g/m².

Impresión e tinta: impresión en tinta negra, por unha soa cara, corpo e tipo de letra segundo figura neste decreto.

Texto bilingüe: galego en recta, castelán en cursiva e ambos os dous no mesmo corpo de letra.

ANEXO IV

Documentación para o voto por correo

EPG 4.1.a e 4.1.b. Solicitud de certificado para o voto por correo. Exemplar para a DPOCE e exemplar para a persoa interesada.

Características:

Cor e tonalidade: cor branca en calquera tonalidade.

Medidas aproximadas: UNE A-4, 210×297 mm.

Gramaxe aproximada: 60 g/m².

Impresión e tinta: impresión en calquera tipo de letra, en tinta negra, por unha soa cara cada folla, en papel autocopiativo. Pegado en xogos polo bordo superior.



Texto bilingüe: galego en recta, castelán en cursiva e ambos os dous no mesmo corpo de letra.

EPG 4.2. Sobre para envío á DPOCE da solicitude do certificado de inscrición no censo electoral.

Características:

Cor e tonalidade: cor branca en calquera tonalidade.

Medidas aproximadas: 120×175 mm aproximadamente; deberá ter fondo interior azul en calquera tonalidade.

Gramaxe aproximada: 70 g/m².

Impresión e tinta: impresión en calquera tipo de letra, en tinta negra, por unha soa cara e remite na lapela de pico.

Texto bilingüe: galego en recta, castelán en cursiva e ambos os dous no mesmo corpo de letra.

EPG 4.3. Sobre para remisión da documentación do voto por correo.

Características:

Cor e tonalidade: cor kraft en calquera tonalidade.

Medidas aproximadas: 185×260 mm aproximadamente.

Gramaxe aproximada: papel kraft verxurado de 90 g/m² con tira de silicona.

Impresión e tinta: impresión en calquera tipo de letra, en tinta negra, por ambas as dúas caras e remite na lapela.

Texto bilingüe: galego en recta, castelán en cursiva e ambos os dous no mesmo corpo de letra.



EPG 4.4. Sobre dirixido ao/á presidente/a da mesa.

Características:

Cor e tonalidade: cor branca en calquera tonalidade.

Medidas aproximadas: 120×175 mm aproximadamente; deberá ter fondo interior azul en calquera tonalidade.

Gramaxe aproximada: 70 g/m².

Impresión e tinta: impresión en calquera tipo de letra, en tinta negra, por unha soa cara e remite na lapela de pico.

Texto bilingüe: galego en recta, castelán en cursiva e ambos os dous no mesmo corpo de letra.

EPG 4.5.a. Sobre, con ventá para enderezo, para a remisión por parte da OCE da documentación electoral aos residentes no estranxeiro (correo certificado).

Características:

Cor e tonalidade: cor kraft en calquera tonalidade.

Medidas aproximadas: 162×229 mm aproximadamente.

Gramaxe aproximada: papel kraft verxurado de 90 g/m² con tira de silicona.

Impresión e tinta: impresión en calquera tipo de letra, en tres cores por unha cara e unha cor no reverso e remite na lapela.

Texto bilingüe: galego en recta, castelán en cursiva e ambos os dous no mesmo corpo de letra.

EPG 4.5.b. Sobre para a remisión por parte da OCE das papeletas aos residentes no estranxeiro (correo ordinario).

Características:

Cor e tonalidade: cor kraft en calquera tonalidade.



Medidas aproximadas: 229×324 mm aproximadamente.

Gramaxe aproximada: papel kraft verxurado de 90 g/m² con tira de silicona.

Impresión e tinta: impresión en calquera tipo de letra, en tres cores por unha cara e unha cor no reverso e remite na lapela.

Texto bilingüe: galego en recta, castelán en cursiva e ambos os dous no mesmo corpo de letra.

Deberanse ter en conta as particularidades dos sobres exixidos nas distintas localizacións consulares.

EPG 4.6.a. Sobre para a remisión do voto polos electores residentes no estranxeiro (con franqueo).

Características:

Cor e tonalidade: cor branca en calquera tonalidade.

Medidas aproximadas: 130×185 mm aproximadamente.

Gramaxe aproximada: 70 g/m².

Impresión e tinta: impresión en calquera tipo de letra, en tinta negra, por unha soa cara; deberá ter fondo interior azul en calquera tonalidade e no interior impreso un texto.

Texto bilingüe: galego en recta, castelán en cursiva e ambos os dous no mesmo corpo de letra.

EPG 4.6.b. Sobre para a remisión do voto polos electores residentes no estranxeiro (sen franqueo).

Características:

Cor e tonalidade: cor branca en calquera tonalidade.

Medidas aproximadas: 130×185 mm aproximadamente.

Gramaxe aproximada: 70 g/m².



Impresión e tinta: impresión en calquera tipo de letra, en tinta negra, por unha soa cara; deberá ter fondo interior azul en calquera tonalidade e no interior impreso un texto.

Texto bilingüe: galego en recta, castelán en cursiva e ambos os dous no mesmo corpo de letra.

EPG 4.7.a e 4.7.b. Solicitud de certificado para o voto por correo de electores temporalmente no estranxeiro. Exemplar para a DPOCE e copia para o/a interesado/a.

Características:

Cor e tonalidade: cor branca en calquera tonalidade.

Medidas aproximadas: UNE A-4, 210×297 mm.

Gramaxe aproximada: 60 g/m².

Impresión e tinta: impresión en calquera tipo de letra, en tinta negra, por unha soa cara cada folla, en papel autocopiativo. Pegado en xogos polo bordo superior.

Texto bilingüe: galego en recta, castelán en cursiva e ambos os dous no mesmo corpo de letra.

EPG 4.8. Sobre dirixido ao/á presidente/a da mesa electoral para o voto por correo dos electores temporalmente no estranxeiro (con franqueo).

Características:

Cor e tonalidade: cor branca en calquera tonalidade.

Medidas aproximadas: 120×175 mm aproximadamente.

Gramaxe aproximada: 70 g/m².

Impresión e tinta: impresión en calquera tipo de letra, en tinta negra, por unha soa cara; deberá ter fondo interior azul en calquera tonalidade e no interior impreso un texto.

Texto bilingüe: galego en recta, castelán en cursiva e ambos os dous no mesmo corpo de letra.



EPG 4.9. Sobre dirixido ao/á presidente/a da Xunta Electoral para o voto por correo desde España dos inscritos no Censo electoral de residentes ausentes no estranxeiro (CERA).

Características:

Cor e tonalidade: cor branca en calquera tonalidade.

Medidas aproximadas: 120×175 mm aproximadamente; deberá ter fondo interior azul en calquera tonalidade.

Gramaxe aproximada: 70 g/m².

Impresión e tinta: impresión en calquera tipo de letra, en tinta negra, por unha soa cara e remite na lapela de pico.

Texto bilingüe: galego en recta, castelán en cursiva e ambos os dous no mesmo corpo de letra.

EPG 4.10. Sobre para a remisión do voto CERA á Xunta Electoral Provincial.

Características:

Cor e tonalidade branca, en calquera tonalidade.

Medidas aproximadas: 120×175 mm aproximadamente.

Gramaxe aproximada: 70 g/m².

Impresión e tinta: impresión en calquera tipo de letra, en tinta negra, por unha soa cara; deberá ter fondo interior azul en calquera tonalidade e no interior impreso un texto.

Texto bilingüe: galego en recta, castelán en cursiva e ambos os dous no mesmo corpo de letra.

ANEXO V

Nomeamento das persoas que integran as mesas electorais

EPG 5.4.a, 5.4.b, 5.4.c, 5.4.d.

Características:

Cor e tonalidade: cor branca en calquera tonalidade.



Medidas aproximadas: 152,4×210 mm.

Gramaxe aproximada: 60 g/m².

Impresión e tinta: impresión en calquera tipo de letra, en tinta negra, por unha soa cara cada folia, en papel copiativo branco.

Texto bilingüe: galego en recta, castelán en cursiva e ambos os dous no mesmo corpo de letra.

EPG 5.5. Sobre para a remisión da notificación ás persoas que integran as mesas electorais.

Características:

Cor e tonalidade: cor kraft, en calquera tonalidade.

Medidas aproximadas: 185×266 mm (non será necesariamente normalizado).

Gramaxe aproximada: papel kraft verxurado de 90 g/m² con tira de silicona.

Impresión e tinta: impresión en calquera tipo de letra, en tinta negra, por unha soa cara.

Texto bilingüe: galego en recta, castelán en cursiva e ambos os dous no mesmo corpo de letra.

EPG 5.7. Citación definitiva ás persoas que integran as mesas electorais.

Características:

Cor e tonalidade: cor branca en calquera tonalidade.

Medidas aproximadas: UNE A-5, 148×210 mm.

Gramaxe aproximada: 70 g/m².

Impresión e tinta: impresión en calquera tipo de letra, en tinta negra, por unha soa cara.



Texto bilingüe: galego en recta, castelán en cursiva e ambos os dous no mesmo corpo de letra.

ANEXO VI
Nomeamento de interventores e apoderados

EPG 6.2. Sobre que se dirixirá ao/á presidente/a da mesa para a remisión da copia da credencial do nomeamento de interventores.

Características:

Cor e tonalidade: cor branca en calquera tonalidade.

Medidas aproximadas: 120×175 mm; deberá ter fondo interior azul en calquera tonalidade e o engomado estará ao longo de toda a lapela.

Gramaxe aproximada: 70 g/m².

Impresión e tinta: impresión en calquera tipo de letra, en tinta negra, por unha soa cara.

Texto bilingüe: galego en recta, castelán en cursiva e ambos os dous no mesmo corpo de letra.

ANEXO VII
Documentación para a actuación das mesas electorais

EPG 7.4.a e 7.4.b. Lista numerada de votantes (primeira folla e seguintes)

Características:

Cor e tonalidade: cor branca en calquera tonalidade.

Medidas aproximadas: UNE A-4, 210×297 mm.

Gramaxe aproximada: 70 g/m².

Impresión e tinta: impresión en calquera tipo de letra, en tinta negra, por unha soa cara.

Texto bilingüe: galego en recta, castelán en cursiva e ambos os dous no mesmo corpo de letra.



EPG 7.5 Sobre número 1: documentación para entregar no xulgado de primeira instancia ou de paz.

Características:

Cor e tonalidade: kraft, en calquera tonalidade.

Medidas aproximadas: 250×353 mm.

Gramaxe aproximada: papel kraft verxurado de 90 g/m² con tira de silicona.

Impresión e tinta: impresión en calquera tipo de letra, en tinta negra, por unha soa cara con remite na lapela.

Texto bilingüe: galego en recta, castelán en cursiva e ambos os dous no mesmo corpo de letra.

EPG 7.6 Sobre número 2: documentación para entregar no xulgado de primeira instancia ou de paz.

Características:

Cor e tonalidade: kraft, en calquera tonalidade.

Medidas aproximadas: 250×353 mm.

Gramaxe aproximada: papel kraft verxurado de 90 g/m² con tira de silicona.

Impresión e tinta: impresión en calquera tipo de letra, en tinta negra, por unha soa cara con remite na lapela.

Texto bilingüe: galego en recta, castelán en cursiva e ambos os dous no mesmo corpo de letra.

EPG 7.7 Sobre número 3: documentación para entregar ao/á funcionario/a do servizo de Correos.

Características:

Cor e tonalidade: kraft, en calquera tonalidade.



Medidas aproximadas: 250×353 mm.

Gramaxe aproximada: papel kraft verxurado de 90 g/m² con tira de silicona.

Impresión e tinta: impresión en calquera tipo de letra, en tinta negra, por unha soa cara con remite na lapela.

Texto bilingüe: galego en recta, castelán en cursiva e ambos os dous no mesmo corpo de letra.

EPG 7.10 Certificado de votación (blocs de 100 follas).

Características:

Cor e tonalidade: cor branca en calquera tonalidade.

Medidas aproximadas: 120×180 mm.

Gramaxe aproximada: 70 g/m² en talonarios de 100 follas.

Impresión e tinta: impresión en calquera tipo de letra, en tinta negra, por unha soa cara.

Texto bilingüe: galego en recta, castelán en cursiva e ambos os dous no mesmo corpo de letra.

ANEXO X **Credencial de cargos electos**

EPG 10 Credencial de deputado/a do Parlamento de Galicia.

Características:

Cor e tonalidade: crema.

Medidas aproximadas: UNE A-4, 210×297 mm.

Gramaxe aproximada: cartolina 240 g/m².

Impresión e tinta: impresión en calquera tipo de letra en cinco tintas.

Texto bilingüe: galego en recta.



ELECCIÓNS AO PARLAMENTO DE GALICIA 2024**ANEXO I**

**ELECCIÓNS AO PARLAMENTO DE GALICIA
2024**
ELECCIONES AL PARLAMENTO DE GALICIA

CIRCUNSCRICIÓN ELECTORAL DE
CIRCUNSCRIPCIÓN ELECTORAL DE

Dou o meu voto á candidatura
presentada por:

*Doy mi voto a la candidatura
presentada por:*

Sigla: _____

1.- _____

2.- _____

3.- _____

4.- _____

5.- _____

6.- _____

7.- _____

8.- _____

9.- _____

10.- _____

11.- _____

12.- _____

13.- _____

14.- _____

15.- _____

16.- _____

17.- _____

18.- _____

19.- _____

20.- _____

21.- _____

22.- _____

23.- _____

24.- _____

Suplentes:

1.- _____

2.- _____

3.- _____

4.- _____

5.- _____

EPG 1.1

CVE-DOG: lou7qk93-27i0-p106-n7h8-duoj9ib2xca0



ANEXO II



ELECCIÓN AO PARLAMENTO DE GALICIA
2024
ELECCIONES AL PARLAMENTO DE GALICIA

EPG 2

CVE-DOG: lou7qk93-27i0-p106-n7h8-duoj9ib2xca0



ANEXO III**ELECCIÓN AO PARLAMENTO DE GALICIA 2024
ELECCIONES AL PARLAMENTO DE GALICIA 2024**

COMUNICACIÓN DA CONSTITUCIÓN DA COALICIÓN ELECTORAL
COMUNICACIÓN DE LA CONSTITUCIÓN DE LA COALICIÓN ELECTORAL

Os abaixo asinantes, representantes legais dos partidos e federacións políticas que a continuación se relacionan: / Los abajo firmantes, representantes legales de los partidos y federaciones políticas que a continuación se relacionan:

Constitúense en coalición electoral baixo as normas que se achegan coa denominación de / Se constituyen en coalición electoral bajo las normas que se adjuntan adoptando la denominación de
.....
para o ámbito territorial de / para el ámbito territorial de
.....

e usando como sigla e símbolo, conforme o establecido no art. 44.2 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, os que na marxe se especifican.

y usando como sigla y símbolo, conforme a lo establecido en el art. 44.2 de la Ley orgánica 5/1985, de 19 de junio, del régimen electoral general, los que al margen se especifican.

Sigla:**Símbolo:**

EPG 3.1

CVE-DOG: lou7qk93-27i0-p106-n7h8-duoj9ib2xca0



A coalición estará representada por: / La coalición estará representada por:

NOME E APELIDOS <i>NOMBRE Y APELLIDOS</i>	DOMICILIO <i>DOMICILIO</i>	Nº DNI <i>N.º DNI</i>

Os representantes anteriores pertencen ás formacións seguintes: / Los representantes anteriores pertenecen a las formaciones siguientes:

PARTIDO OU FEDERACIÓN POLÍTICA <i>PARTIDO O FEDERACIÓN POLÍTICA</i>	NOME E APELIDOS <i>NOMBRE Y APELLIDOS</i>	CARGO NO PARTIDO OU FEDERACIÓN <i>CARGO EN EL PARTIDO O FEDERACIÓN</i>

En, o de de 2024
En, a de de 2024

ASINANTES / FIRMANTES:

CVE-DOG: lou7qk93-27i0-p106-n7h8-duoj9ib2xca0



ELECCIÓNS AO PARLAMENTO DE GALICIA 2024
ELECCIONES AL PARLAMENTO DE GALICIA 2024

COMUNICACIÓN POR UNHA XUNTA ELECTORAL Á XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
 COMUNICACIÓN POR UNA JUNTA ELECTORAL A LA JUNTA ELECTORAL DE GALICIA

ELECCIÓN AO PARLAMENTO DE GALICIA 2024
ELECCIONES AL PARLAMENTO DE GALICIA 2024

COALICIÓNS ELECTORAIS CONSTITUÍDAS
COALICIONES ELECTORALES CONSTITUIDAS

ANTE A XUNTA ELECTORAL

ANTE LA JUNTA ELECTORAL

Denominación da coalición electoral:
Denominación de la coalición electoral:

Partidos integrantes:
 Partidos integrantes:

Ámbito:
 Ámbito:

Denominación da coalición electoral:
Denominación de la coalición electoral:

Partidos integrantes:
 Partidos integrantes:

Ámbito:
 Ámbito:

EPG 3.2

CVE-DOG: lou7qk93-27i0-p106-n7h8-duoj9ib2xca0



ELECCIÓN AO PARLAMENTO DE GALICIA 2024 / ELECCIONES AL PARLAMENTO DE GALICIA 2024

PRESENTACIÓN DE CANDIDATURA / CANDIDATOS/AS

XUNTA ELECTORAL JUNTA ELECTORAL	PROVINCIA	CIRCUNSCRIPCIÓN ELECTORAL CIRCUNSCRIPCIÓN ELECTORAL
------------------------------------	-----------	--

Don/Dona / D./D.: con DNI nº / con DNI n.º

Don/Dona / D./D.ª con DNI nº / con DNI n.º

Don/Dona / D./D.ª con DNI nº / con DNI n.º

en representación da formación / *en representación de la formación*

presenta como candidatura ao Parlamento de Galicia as persoas que figuran na presente relación, conforme o establecido no artigo 22 da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia: / *Presenta como candidatura al Parlamento de Galicia a las personas que figuran en la presente relación, conforme a lo establecido en el artículo 22, de la Ley 8/1985, de 13 de agosto, de elecciones al Parlamento de Galicia:*

[illegible]

(1) Marque o recadro H para home ou M para muller
(1) Marque la casilla H para hombre o M para mujer

Á VOLTA
A LA VUELTA

EPG 3.3

CVE-DOG: [lou7qk93-27i0-p106-n7h8-duoj9ib2xca0](#)



A candidatura utilizará como sigla e símbolo, de acordo co establecido no artigo 46 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, os que a continuación se especifican: / La candidatura utilizará como sigla y símbolo, de acuerdo con lo establecido en el artículo 46 de la Ley orgánica 5/1985, de 19 de junio, del régimen electoral general, a los que a continuación se especifican:

Sigla	Símbolo

Os/as promotores/as da agrupación de electores/as / Los/las promotores/as de la agrupación de electores/as
....., achegan / adjuntan follas de sinaturas que apoian a presentación da dita agrupación / hojas de firmas que apoyan la presentación de dicha agrupación.¹

En o de de 2024

En a de de 2024

ASINADO / FIRMADO:

ASINADO / FIRMADO:

ASINADO / FIRMADO:

DILIXENCIA / DILIGENCIA: O/a secretario/a da Xunta Electoral / El/la secretario/a de la Junta Electoral.....
de CERTIFICA que a presente candidatura foi presentada o día / CERTIFICA que la presente candidatura ha sido presentada el día de de 2024, ás/a las horas, á cal se lle asignou o nº / asignándosele el nº, e acompañada da seguinte documentación / acompañada de la documentación siguiente:

- Declaración de aceptación da candidatura / Declaración de aceptación de la candidatura.
- Documentos acreditativos das súas condicións de elixibilidade / Documentos acreditativos de sus condiciones de elegibilidad.
- Fotocopia simple do DNI de cada candidato/a / Fotocopia simple del DNI de cada candidato/a.
- Follas de sinaturas, en apoio da agrupación / Hojas de firmas, en apoyo de la agrupación.

ASINADO / FIRMADO:

¹ "Indíquese o número de follas que se achegan e cúbrase unicamente cando se trate de agrupacións de electores" /
"Indíquese el número de hojas que se acompañan y cúmplíntese únicamente cuando se trate de Agrupaciones de Electores".



ELECCIÓNS AO PARLAMENTO DE GALICIA 2024 / ELECCIONES AL PARLAMENTO DE GALICIA 2024

FORMACIÓN POLÍTICA

FOLIA Nº
HOJA N.º

PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS / CANDIDATOS/AS AO PARLAMENTO DE GALICIA / PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS / CANDIDATOS/AS AL PARLAMENTO DE GALICIA

Electores/as que presentan aos/as señores/as antes consignados/as / Electores/as que presentan a los/las señores/as antes consignados/as:

SINATURA E SELO DA SECRETARÍA DA
XUNTA ELECTORAL
FIRMA Y SELLO DE LA SECRETARÍA DE
LA JUNTA ELECTORAL

NOME E APELIDOS NOMBRE Y APELLIDOS	SEXO ⁽¹⁾	DNI DNI	DATA DE NACEMENTO FECHA DE NACIMIENTO
	H M		
SINATURA FIRMA			CONCELLO DE INSCRIPCIÓN NO CENSO MUNICIPIO DE INSCRIPCIÓN EN EL CENSO
NOME E APELIDOS NOMBRE Y APELLIDOS	SEXO ⁽¹⁾	DNI DNI	DATA DE NACEMENTO FECHA DE NACIMIENTO
	H M		
SINATURA FIRMA			CONCELLO DE INSCRIPCIÓN NO CENSO MUNICIPIO DE INSCRIPCIÓN EN EL CENSO
NOME E APELIDOS NOMBRE Y APELLIDOS	SEXO ⁽¹⁾	DNI DNI	DATA DE NACEMENTO FECHA DE NACIMIENTO
	H M		
SINATURA FIRMA			CONCELLO DE INSCRIPCIÓN NO CENSO MUNICIPIO DE INSCRIPCIÓN EN EL CENSO
NOME E APELIDOS NOMBRE Y APELLIDOS	SEXO ⁽¹⁾	DNI DNI	DATA DE NACEMENTO FECHA DE NACIMIENTO
	H M		
SINATURA FIRMA			CONCELLO DE INSCRIPCIÓN NO CENSO MUNICIPIO DE INSCRIPCIÓN EN EL CENSO

(1) Marque o recadro H para home ou M para muller
(1) Marque la casilla H para hombre o M para mujerXUNTA ELECTORAL PROVINCIAL DE
JUNTA ELECTORAL PROVINCIAL DE
CANDIDATURA PRESENTADA O DÍA DE 2024
CANDIDATURA PRESENTADA EL DÍA DE 2024
às horas, á cal se lle asignou o n.º
a las horas, asignándose el n.º

EPG 3.4

Electores/as que presentan aos/as señores/as antes consignados/as / Electores/as que presentan a los/las señores/as antes consignados/as:			
NOME E APELIDOS NOMBRE Y APELLIDOS	SEXO ⁽¹⁾	DNI DNI	DATA DE NACEMENTO FECHA DE NACIMIENTO
	H M		
SIGNATURA FIRMA			CONCELLO DE INSCRIPCIÓN NO CENSO MUNICIPIO DE INSCRIPCIÓN EN EL CENSO
NOME E APELIDOS NOMBRE Y APELLIDOS	SEXO ⁽¹⁾	DNI DNI	DATA DE NACEMENTO FECHA DE NACIMIENTO
	H M		
SIGNATURA FIRMA			CONCELLO DE INSCRIPCIÓN NO CENSO MUNICIPIO DE INSCRIPCIÓN EN EL CENSO
NOME E APELIDOS NOMBRE Y APELLIDOS	SEXO ⁽¹⁾	DNI DNI	DATA DE NACEMENTO FECHA DE NACIMIENTO
	H M		
SIGNATURA FIRMA			CONCELLO DE INSCRIPCIÓN NO CENSO MUNICIPIO DE INSCRIPCIÓN EN EL CENSO
NOME E APELIDOS NOMBRE Y APELLIDOS	SEXO ⁽¹⁾	DNI DNI	DATA DE NACEMENTO FECHA DE NACIMIENTO
	H M		
SIGNATURA FIRMA			CONCELLO DE INSCRIPCIÓN NO CENSO MUNICIPIO DE INSCRIPCIÓN EN EL CENSO
NOME E APELIDOS NOMBRE Y APELLIDOS	SEXO ⁽¹⁾	DNI DNI	DATA DE NACEMENTO FECHA DE NACIMIENTO
	H M		
SIGNATURA FIRMA			CONCELLO DE INSCRIPCIÓN NO CENSO MUNICIPIO DE INSCRIPCIÓN EN EL CENSO



ANEXO IV

ELECCIÓN AO PARLAMENTO DE GALICIA 2024 / ELECCIONES AL PARLAMENTO DE GALICIA 2024
SOLICITUDE DE VOTO POR CORREO / SOLICITUD DE VOTO POR CORREO

Unha vez remitida esta solicitude, no caso de resultar aceptada, NON PODERÁ VOTAR PERSOALMENTE NA MESA ELECTORAL O DÍA DA VOTACIÓN
Una vez remitida esta solicitud, en el caso de resultar aceptada, NO PODRÁ VOTAR PERSONALMENTE EN LA MESA ELECTORAL EL DÍA DE LA VOTACIÓN

Esquema de campos para datos de correo y OCE.

DATOS DO/DA ELECTOR/A (Por favor, escriba en letras maiúsculas) / **DATOS DEL/DE LA ELECTOR/A** (Por favor, escriba en letras mayúsculas)

Residente en: ☐ ESPAÑA ☐ ESTRANXEIRO / EXTRANJERO

Formulario de datos personales y de contacto.

SOLICITA QUE SE LLE REMITA A DOCUMENTACIÓN PARA O VOTO POR CORREO AO SEGUINTE ENDEREZO OU APARTADO POSTAL (1) EN ESPAÑA:
SOLICITA QUE SE LE REMITA LA DOCUMENTACIÓN PARA EL VOTO POR CORREO A LA SIGUIENTE DIRECCIÓN O APARTADO POSTAL (1) EN ESPAÑA:

Formulario de dirección postal y apartados.

